

Australia: país de refuxiados, riquezas minerais e economía estable

Giovana Vitola

Australia constitúe un país coas mellores calidades de vida do mundo. Economía estable, movida pola abundancia de seus recursos naturais, Australia é a décimo quinta economía mundial, localizándose no continente máis novo do mundo, Oceanía. Nación de pouco máis de 200 anos e con vastas riquezas minerais, que suman o 35% das súas exportacións, a Australia é un dous países do mundo que mais inmigrantes e refuxiados recibe. Refuxiados de guerra, de clima, de pobreza. Inmigrantes que veñen á procura dunha vida mellor ou dun enriquecemento rápido. Ao final, estamos no “the lucky country”, ou “a terra da sorte”.

Mesmo distante, a posición xeográfica de Australia nunca interferiu nas posibilidades de desenvolvemento da súa economía. Pola contra, nos últimos anos, sempre ficou no tope dos rankings dos países desenvolvidos. Unha notable produtora de commodities, posuidora dunha inmensa variedade de minerais, conta cunha industria primaria significativa. Desde o inicio da súa colonización, foi a minería a que axudou a súa economía a manterse estable.

País de inmigrantes

Mais todo comezou en 1788. Os británicos fundaron a súa primeira colonia nas terras australianas, nomeándoa Sydney. Os primeiros residentes, non moi glamorosos, eran prisioneiros, condenados normalmente por pequenos furtos no Reino Unido. No entanto, ingleses libres tamén eran benvidos e comezaran a chegar cada vez máis, e de diferentes rexións de Europa.

O movemento migratorio avanzou principalmente após a descuberta do ouro, na metade do século XIX, e após a II Guerra Mundial, época en que máis inmigrantes chegaran ao país, mais tamén no final da década dos anos 1980, cando houbo un boom migratorio.

Así, a Australia moderna foi fundada por ese influxo dos europeos hai máis de dous séculos. Pero antes diso, dende decenas de millares de anos, as tribos aborixes habitaban o continente. Na época da colonización, eses nativos foran moi perseguidos, discriminados, expropiados, e moitos foron decimados por doenzas traídas polos europeos e por abuso de poder. Moitos rapaces indíxenas tamén foron roubados ás súas nais e familias e forzados a europeizarse, sendo nomeada esta como a “Xeración Perdida”. Así, acabárase coa etnia nativa –o que, felizmente, non

ocorreu. Hoxe en día, a poboación nativa ascende a preto de 400 mil persoas. Esa é a etnia que máis sofre coas altas taxas de desemprego, cárcere e abuso de drogas no país.

O outro 98% da poboación está composta por europeos e asiáticos. Co desmantelamento gradual da política de inmigración, a “White Australia”, décadas após a II Guerra Mundial, nos anos 1980, houbo un crecente aumento no número doutras nacionalidades, non só europeas senón, principalmente, de Asia.

Desde a fundación do Departamento de Inmigración no país, en 1945, creado principalmente para mellor administrar a migración de posguerra e os descolocados, case seis millóns de inmigrantes, incluíndo máis de 645 mil refuxiados, chegaran ao país para quedarse. Hoxe, preto do 25% da poboación australiana é estranxeira e 40% ten un ou ambos pais nados noutro país. Só preto de 185 nacionalidades e 200 linguas faladas dentro do territorio australiano. Os maiores grupos son gregos, italianos e alemáns, atrás dos británicos, escoceses e irlandeses.

Actualmente, esa migración continúa a moldear o país e a súa economía. Un significativo impacto na diversidade cultural da poboación australiana é reflexo da variedade multicultural, das linguas, relixións e alimentación do país. As linguas máis faladas despois do inglés, por exemplo, son o italiano, o grego, o alemán, o mandarín e o árabe. En xeral, as principais relixións son o cristianismo, o budismo, o hinduísmo, o islamismo e o xudaísmo. O goberno exerce unha democracia liberal tradicional, que asegura o dereito á liberdade de expresión e á tolerancia relixiosa.

Composta de persoas de practicamente todas as rexións xeográficas do mundo, actualmente Australia presenta a súa maior diversidade étnica en comparación con calquera outra época da súa historia. O tamaño e a diversidade da poboación nacida fóra de Australia proporciona beneficios tanto culturais e sociais como económicos, alén das vantaxes competitivas para a nación dentro do mercado global.

Vexamos algúns datos. Na metade de 2001, a poboación australiana aumentou preto de 260 mil persoas, un 48% dese número debido á migración e un 52% debido aos nacementos no país. A proporción dos nados noutro país pero que habitan actualmente en Australia é bastante mais alta que a proporción doutros países que teñen tradición de inmigración. Por exemplo, cerca de 20% da poboación neozelandesa, 18% da canadense e 11% da estadounidense naceron no exterior.

Enquisas mais recentes revelan que o crecemento da nación vai continuar. Iso débese principalmente á proporción de estranxeiros que continúan a migrar para Australia anualmente, e non ao crecemento natural da poboación australiana, de só 1,2% por ano - que debe continuar inalterable nos próximos anos. Porén, actualmente, preto de 100 a 110 mil persoas poden migrar a Australia anualmente.

Segundo as proxeccións do goberno australiano, a inmigración vai continuar sendo un dos principais contribuidores do crecemento da poboación. En consecuencia, persoas nadas noutros países seguirán conformando un grupo significativo na composición demográfica de Australia.

No entanto, cando se fala doutro grupo de inmigrantes, os refuxiados, o asunto tórnase politicamente sensitivo. Coa postura dura de Australia sobre os navíos carrexados de refuxiados que veñen chegando cada vez máis intensamente aos portos que cercan o país, levantouse unha controversia debido á política de manter os exiliados en centros de detención ate que, caso por caso, sexan examinados e verificados. Cada ano, só 1.200 refuxiados poden entrar no país, a maioría procedentes de Irán.

En 2006, por exemplo, o goberno tivo que pagar 400 mil dólares australianos de compensación por danos psicolóxicos causados a un rapaz iraniano de 10 anos, quen pasou un ano esperando nun centro de detención do país. Australia está no grupo de 17 países que acepta refuxiados de países en conflito, como Zimbabue, Somalia, Sudán, Afganistán, Irán, Timor Leste, Vietnam e Sri Lanka.

Refuxiados do clima

Alén dos refuxiados de guerra, Australia recibe refuxiados do clima, ao menos sendo premida por iso. Son persoas das illas veciñas, que habitan nas pequenas nacións de Tuvalu e Kiribati, as máis afectadas polo cambio climático mundial. Eses pequenos países corren o risco de ser engulidos polo mar, asolagando as súas culturas e tradicións.

En termos do impacto do cambio climático, a vulnerabilidade da rexión do sueste de Asia e Pacífico ten sido citada hai anos pola Organización de Investigación Industrial e Científica de Australia (CSIRO). Segundo a CSIRO, esas comunidades costeiras xa comezaran a ser inundadas polo aumento do nivel dos océanos e necesitan con urxencia da axuda australiana.

Os efectos do quecemento global, inxustamente, repercuten nos países máis pobres e que menos contribúen para o cambio climático. Australia, por exemplo, é un dos maiores exportadores de carbón mundiais, por tanto emitindo constantemente dióxido de carbono na natureza. Alén diso, este é un dos países co maior risco de cambio climático debido ao tamaño do sector agrícola e a extensión da súa área costeira.

Sendo un país que, desproporcionadamente, contribuíu para que o problema chegase onde chegou, e sendo a nación desenvolvida coa maior taxa de emisión do efecto estufa per capita no mundo, para a CSIRO, Australia debería ter a obriga de reducir as emisións de gases maléficos ao medio ambiente e axudar aos países veciños máis empobrecidos, nese caso, ao menos, dándolles asilo.

No momento, Australia prometeu diminuír a emisión de gases en só 5% ate 2020. Porén, para o CSIRO, necesitaríase diminuír de 25 a 40% para que realmente houbese unha diferenza a curto prazo. A esperanza é que Australia peche algún tipo de acordo durante a conferencia do Clima prevista para o 2020 en Copenhague.

Recentemente, durante a conferencia sobre o “efecto estufa” da CSIRO na cidade de Perth, no sudoeste do país, a Ministra de Clima Penny Wong anunciou que o país usaría unha partida de 20 millóns de dólares estadounidenses, do total de 150 millóns que Australia está consignando para priorizar asuntos climáticos en países da rexión, para axudar aos veciños do Pacífico, incluíndo a Timor Leste, a entender mellor os efectos do quentamento global nos seus países.

A escaseza de auga

Por unha banda, en canto os países veciños comezan a ser inundados polo mar, Australia estase secando. Terra vasta en recursos minerais, mais pobre de líquido precioso, o continente habitado mais árido do mundo está quedándose sen auga.

Aínda que os períodos de seca non son novidade en partes do país, a actual tempada, que se prolonga xa case unha década, é a mais devastadora rexistrada na súa historia. Acredítase que a frecuencia e a severidade de desastres naturais, como a actual seca, veñen aumentando.

Para moitos, como o prestixioso científico australiano Tim Kelly, *“eses padróns de precipitación erráticos son a marca ameazadora de cambios climáticos ocasionados pola actividade humana. Constatamos unha elevación de tres cuartos de graos de temperatura nos últimos 15 anos, o que ten provocado unha evaporación moito maior das nosas reservas de auga. Se isto non é un cambio no clima, non sei o que sería”*, declarou Kelly á revista National Geographic.

Potentés recursos minerais

Pouca auga, mais abundancia de recursos minerais, foran xustamente as preciosidades atopadas no subsolo australiano, que chamaran de súpeto a atención dos inmigrantes.

A poboación australiana mudou drasticamente como resultado da carreira polo ouro. En 1851, a poboación era de pouco menos de 450 mil persoas. Unha década despois pasou para 1.152.000 persoas. O rápido crecemento era resultado, principalmente, dos novos inmigrantes británicos, que contribuíran para a busca do ouro. Mesmo que moito dese lucro atopado teña acabado no Reino Unido, Australia continuou con riquezas suficientes para poder desenvolver as súas industrias e infraestruturas adecuadas.

Ata hoxe, cada ano, preto de catro mil mineiros de mais de 50 países van para a pequena cidade de Lightning Ridge, a 700 quilómetros de Sydney, tralo soño de enriquecérense –ou, ao menos, de regresar con algunha pedra preciosa no bolso. Mais, alén de pedras preciosas, hai moitos outros tipos de minerais ao redor do país, como son o cobre, o ouro, a prata, o aluminio e o zinc.

Australia ten actividade de minerais en todos os seus estados e territorios. O carbón, por exemplo, é explorado en todos eles. Preto do 75% do mineral é exportado, na súa maior parte, para Asia Oriental, principalmente para a China, grande parceiro económico do país. O carbón tamén xera preto do 85% da produción eléctrica australiana.

Moitos dos materiais puros de Australia son exportados para países como China. Dous terzos das súas exportacións para este país asiático son de enerxía e minerais, así como mais da metade do ferro exportado vai directo para os chineses.

Existe un número significante de compañías multinacionais de minerais, como BHP Biliton e Rio Tinto, que están operando no territorio australiano. O sector de recursos representa case o 20% do Australian Stock Exchange (ASX) por capitalización así como case un terzo das compañías de minerais. A minería contribuíu para cerca do 5,6% do Produto Interno Bruto (PIB) do país. A exportación de minerais contribuíu cerca do 35% das exportacións australianas. O país é o maior exportador de ferro, chumbo, diamante, zinc e carbón, o segundo maior de ouro e uranio, e o terceiro maior de aluminio.

A pesar da importancia dos minerais no país, o sector emprega só unha pequena parte da poboación. Cerca de 130 mil australianos dunha poboación de 21 millóns, representan a forza de traballo no sector mineiro.

Dos países desenvolvidos, tal vez só no Canadá e Noruega a minería teña un significado tan importante para a economía como en Australia. Nunha comparación, a minería en Canadá representa cerca de 3,6% da economía e 32% da exportación. En Noruega, dominada por petróleo, 19% vai para o PIB e 46% para exportación. Xa en EEUU, a minería representa só 1,6% do PIB.

Cadro de recursos minerais en Australia

- Ferro: terceiro maior fornecedor mundial, tras China e Brasil
- Níquel: Terceiro maior produtor, tras Rusia e Canadá
- Ouro: Cuarto maior produtor, tras China, África do Sur e EEUU
- Uranio: posúe o 22% da produción mundial, segundo maior fornecedor tras Canadá
- Diamante: terceiro maior, tras Rusia e Botswana
- Zinc: segundo, cun 14% da produción mundial, só tras China.
- Carbón: maior exportador mundial e cuarta maior produción, tras China, EEUU e India.

A política en Australia

Así como Canadá, a Nova Zelandia e demais colonias británicas, Australia é unha monarquía constitucional e reconece á Raíña Elizabeth II, de Gran Bretaña, como Xefe do Estado. No país ela posúe un representante xeral.

Mais é o primeiro ministro do Partido dos Traballadores, Kevin Rudd, quen realmente lidera o país. Gañou as eleccións en novembro de 2007 e puxo fin a un período de once anos de gobernos conservadores, comandado polo ex primeiro ministro John Howard.

A diferenza do seu antecesor, Rudd, con gran dominio do idioma mandarín por ter traballado como diplomático en China nos anos 1980, asinou o Protocolo de Kyoto, unha materia que o goberno de Howard sempre rexeitou. Ademais, pediu formalmente desculpas aos aborixes polos erros cometidos durante a época da colonización. Outro aspecto de importancia que realizou Rudd case de inmediato ao comezar o seu mandato foi ordenar o cese do envío de tropas australianas a Iraq,

En materia política e territorial, Australia posúe seis estados: Nova Gales do Sur, Queensland, Australia do Sur, Tasmania, Vitoria e Australia Occidental, alén de dous territorios: Territorio da Capital da Australia e Territorio do Norte. Ademais, Australia administra sete territorios externos: o Territorio Australiano Antártico e illas nos Océanos Índico, Pacífico e Meridional. Cada un dos Estados conta co seu propio goberno. Australia é un dous poucos países a optar por voto obrigatorio a nivel nacional e estatal.

A política estrutural, legal e educativa australiana acostumábase basear na británica e estadounidense, nacións que tamén acostumaban ser prioridade, en termos de política externa, de Australia. No entanto, nos últimos 20 anos, os australianos fixeron dos seus países veciños a prioridade en materia de política exterior. Por exemplo, Australia foi a mediadora de conflitos primitivos na Papúa Nova Guiné e nas Illas Salomón, alén de ter axudado enviando tropas e millares de civís rumbo á nova e independente nación de Timor Leste.

***Giovana Vitola** é xornalista brasileira, baseada en Sydney (Australia) como correspondente para medios de comunicación do Brasil así como colaboradora de medios australianos. Anteriormente, traballou en Nova Delhi (2005) e para a Deutsche Welle en Bonn (2006) e na Radio Internacional de China en Pequín.*

Bibliografía

<http://www.radioaustralia.net.au/australia/politics/>

<http://www.zawya.com/story.cfm/sidZAWYA20090415105735>

http://news.bbc.co.uk/2/hi/asia-pacific/country_profiles/1250188.stm

<http://www.aph.gov.au/library/intguide/sp/settlement.htm>

<http://www.wwf.org.au/articles/climate-refugees-in-a-drowning-pacific/>

http://www.acfonline.org.au/default.asp?section_id=193

http://www.acfonline.org.au/articles/news.asp?news_id=2214


The Economist 2007

National Geographic, abril 2009

<http://www.cultureandrecreation.gov.au/articles/politics/women/>

http://www.economist.com/markets/rankings/displaystory.cfm?story_id=11116839

cando a información se converte en coñecemento



NOVOS TEMPOS TEMPOS NOVOS